

Nas enrugas de María

Con sinceridades emotivas

 HÉITOR MERA

Un poemario dedicado a un personaxe, a un tempo a toda a unha evolución vital e sentimental. A carga afectiva de ser quen é María, nai que tanto doe e tanto se admira. Dobre carga afectiva para un tempo: o que lle tocou vivir a este personaxe de connotacións case divinas para o *eu* lírico identificado co autor: Paco Souto.

A historia do século XX escríbese nas enrugas de María. Muller que amou, que traballou e sufriu nun país destinado ao martiroloxio dos tempos. Este é o elo central do poemario e a súa maior riqueza. A denuncia social mesturada co sentimento máis íntimo. Cando os alumnos do instituto estudan liñas temáticas por separado... quen é o listo capaz dicirlles que esas liñas van por separado? A poesía ten tantos temas como sentimentos e Paco Souto describe explicitamente moitos e evoca outros tantos que, quizais, só el é quen de identificar neste intimis-

m o -
afectivo-
social
que é o
seu *As
horas de
María*.

O paso do tempo e as súas visicitudes e escollos desde os albores do século XX ata a democracia televisiva pasando polos corenta anos de infamia franquista. Só un momento de luz lene coa República e, entremetres, a vida dunha nena, moza, señora e anciá que en cadansúa faceta sufriu, viviu, enfermou, sandou e proxectou, por riba de calquera outra cousa íntima ou social, a dignidade que amosan tantos e tantas galegos e galegas testemuñas do atraso histórico do país.

Aínda que a figura de María-nai pode estar mitificada, non cabe dúbida de que todos os lectores poden entender e, o máis importante, identificarse, co sentir do poemario. Os versos deste libriño son contención emotiva ao borde do berro ou choro por afectar ao máis querido.

Esa contención dáse tamén no verso curto, claro e directo. Con imaxes acertadas e tentadoras de seren memorizadas por provir da mestura da calidade poética e o sentimento sincero que se aprecia no eu lírico máis convincente que teña lido en tempo.

Non imos descubrir agora a Paco Souto como poeta ou literato –que ten traballado outros xéneros con éxito– mais permitímonos con humildade chamar a atención sobre este poemario de fonda raigame sentimental e sinceridade emotiva. Beizóns.

SOUTO, Paco, As horas de María, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2007, 53 páxinas.

